

Acta núm. 30/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 27 de outubro de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Carlos Noya Pereira.
Sandy Marie Cebral Gómez.
José Luis Sampedro Bouzas.
Non asiste: María Rrosa Romero Fariña

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 27 de outubro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Pola alcaldía se corrixe o erro aritmético existente na convocatoria, no punto 1º) onde di 15/09/2020, debe dicir 15/10/2020.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 29/2020, DO 15/10/2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 6º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 29/2020, DO 15/10/2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 15/10/2020, acta núm. 29/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARINO SUÁREZ HERNÁNDEZ, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar (alpendre), dunha única planta e escasa entidade construtiva, de 40 m², en Buio, Os Ánxeles.

A parcela (15013B505001680000MM) onde se pretende construír a edificación auxiliar, atópase sobre un ámbito clasificado como solo rústico, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Segundo artigo 50.g) do Regulamento da Lei 2/2016, non poderá destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que conte con instalacións propias das vivendas.
- A construción situarase dentro da parcela mínimo a 10 metros do eixe do vial, e mínimo a 5 metros de todos os lindeiros.
- A construción estará convenientemente rematada, revestida e pintada, e a súa cubrición será de tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 164,31 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 228,88 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Ramón Villaverde Martínez, que di actuar en representación de SERGIO BELLO MARTÍNEZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras para garantir a conservación e as condicións de estanquidade e illamento na vivenda sita no lugar de Babenzo 14, Bastavales:

- Reparar a cuberta substituindo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.
- Substitución da carpintería exterior de aluminio natural por carpintería de aluminio de cor.
- Substitución da carpintería interior.
- Pintado dos paramentos verticais e horizontais interiores.
- Colocación de tarima flotante.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 8223335NH2482S0001YK) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 248,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 312,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FELIPE LÓPEZ CERQUEIRO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita no lugar de Babenzo 30, Bastavales, substituindo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 7920401NH2472S0001MF)) na que se van executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 96,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 160,77 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ESTRELLA TOMÉ PAÍS, na que comunica que realizou un movemento de terras na finca con referencia catastral nº 15013B505020640000MH.

A parcela onde se realizou a actuación aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ao respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen

prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 108,65 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 173,22 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda en Gundín 27, Os Ánxeles, desde o apoio existente HV 250/9 ata a ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 1 metro, segundo proxecto asinado polo graduado en enxeñería eléctrica Rubén Ferverza Nicolás, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo de data 27/08/2020, visado nº 22001028.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº 5342504NH2454S0001KJ), está clasificada como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), nela estase a construír unha vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na data 24.09.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 335,15 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,03 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 71,60 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por José Luís Estévez Suárez, que di actuar en representación de PABLO BOUZAS GRONZO, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Cantelar 15, Boullón, segundo proxecto de execución redactado por José Luís Estévez Suárez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.11.2019 e documentación complementaria visada o 26.02.2020 (n.r.e.: 1905953).

A parcela onde se pretenden executar as obras, (ref. catastral nº4140403NH2444S0000BS), está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia (expediente: DH.W15.70692) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado polo arquitecto José Luís Estévez Suárez, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia o 13.11.2019 e documentación complementaria visada o 26.02.2020 (n.r.e.: 1905953).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión, 58,00 m², e que implica a

pavimentación deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 58,00 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 13 de outubro de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.116,53 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 248,80 euros.

Total: 2.365,33 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Xavier Liñares Túñez, que di actuar en representación de IRIA BERNAL LÓPEZ e ÓSCAR PORRAL VICENTE, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Gándara 22, San Salvador, segundo proxecto de execución redactado por SALGADO E LIÑARES arquitectos S.L.P, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.07.2020 (n.r.e.: 2003192).

A parcela onde se pretenden executar as obras, (ref. catastral nº8133814NH2483S0000WA), está situada en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia (expediente: DH.W15.71104) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado por SALGADO E LIÑARES arquitectos S.L.P, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.07.2020 (n.r.e.: 2003192).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión, 37,61 m², e que implica a pavimentación deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 37,61 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 6 de outubro de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.536,64 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 123,45 euros.

Total: 2.660,09 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA ÁNGELES RAÑA MAROÑAS, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Guitiande 70, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 14/09/2017 concedeu licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar en Guitiande 70, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado

polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03/05/2017 e documentación complementaria presentada no Concello o 02/08/2017 (r.e. 3313).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado polos colexios oficiais correspondentes o 16/06/2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Miguel Carballido Pensado, que di actuar en representación de ADOLFO MIGUEL PAN AÑÓN, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Cirro 26, San Salvador.

A Xunta de Goberno Local do 09/05/2018, concedeulle licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 26, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Iago Rodríguez Valcárcel e Miguel Carballido Pensado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/04/2018 e documentación complementaria visada o 17/04/2018.

A Xunta de Goberno Local do 25/09/2018, concedeulle modificación da licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar en Cirro 26, San Salvador, segundo proxecto redactado polos arquitectos Iago Rodríguez Valcárcel e Miguel Carballido Pensado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/07/2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Miguel Carballido Pensado, visado polos colexios oficiais correspondentes con data 15/07/2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

SIXTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de MARIA TERESA OREIRO GARCIA, de solicitude de modificación da licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local o 25/06/2019, para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 48, Bastavales, segundo o "Modificado do proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar" redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 07.07.2020 (n.r.e. 1902687).

A modificación pretendida cumpre as condicións de implantación da edificación no terreo e consiste en:

.- Ampliación da superficie construída en 41,56 m², incorporando unha nova estancia, ampliando o porche de entrada e cambiando a situación do garaxe.

.- Aumento do orzamento inicial en 17.949,23 euros, como consecuencia do aumento da superficie construída.

.- Modificación da ocupación da parcela que aumenta a 19,24 %, inferior ao 40% máximo permitido.

.- Modificación da edificabilidade, que aumenta a 0,18 m²/m², inferior ao 0,20 m²/m² máximo permitido.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a modificación da licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González